



CONCELLO DE ORTIGUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONTRATO

Exp.: 1631/2024

Asunto:

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, del 26 de febreiro de 2014 (LCSP) emítase o presente INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DO CONTRATO, características e importe calculado, co fin de posibilitar a elaboración dos correspondentes pregos de condicións administrativas.

1. OBXECTO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER.

1.1. Obxecto

Obxecto

Substitución de proxectores de haloxenuros metálicos HM, por proxectores tipo led de maior eficiencia enerxética, en instalacións deportivas municipais.

O obxecto da actuación é a MELLORA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, consistente na subministración de diversos proxectores tipo Led para o aforro enerxético nas instalacións da piscina municipal, das pistas de pádel e fútbol 5, e do campo de fútbol de San Claudio.

Todas as actuacións forman parte dun proxecto único polo obxecto da mesma.

Actualmente os proxectores de luz de todas as instalacións deportivas antes sinaladas son instalacións antigas tipo haloxenuros metálicos HM, de alto consumo enerxético e tecnoloxía obsoleta, polo que se propón a súa substitución por proxectores máis modernos, tipo LED, con redución do consumo e maior eficiencia no funcionamento. Trátase da subministración do material, que tamen inclúe a instalación do mesmo.

Con esta actuación se persegue a redución do consumo enerxético das mesmas e unha mellora da eficiencia e do mantemento das mesmas, así como unha mellora da luminosidade das instalacións.

As instalacións obxecto desta actuación son:

- 1.- Piscina Climatizada, no vaso de natación, situada na Pregoiza
- 2.- Pistas de pádel descubertas e cuberta:
- 3.- Campo de fútbol 5 descuberto situado na Pregoiza:
- 4.- Campo de Fútbol municipal situado en San Claudio

1.2. C.P.V.:

31500000-1

1.3. Xustificación da necesidade do contrato

Actualmente os proxectores de luz de todas as instalacións deportivas antes sinaladas son instalacións antigas tipo haloxenuros metálicos HM, de alto consumo enerxético e tecnoloxía

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





CONCELLO DE ORTIGUEIRA

obsoleta, polo que se propón a súa substitución por proxectores máis modernos, tipo LED, con redución do consumo e maior eficiencia no funcionamento

2. LOTES.

2.1. Xustificación, no seu caso, da non división do obxecto contractual en varios lotes.

A subministración proxectada constitúe unha unidade funcional e indivisible non susceptible de división en lotes.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN.

3.1. Tramitación: Ordinaria

3.2. Procedemento proposto: Procedemento aberto simplificado sumario

Xustificación: Conforme ao disposto no artigo 159.6 da LCSP.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

4.1. Orzamento base licitación: 41.510,10 €

Xustificación: Subvención concedida por Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Administración Local, polo mencionado importe.

4.2. Valor estimado do contrato

Orzamento sen I.V.E.: 34.310 euros

Importe modificacións previstas sen I.V.E.: 0

Importe das prórrogas previstas sen I.V.E.: 0

Importe prima ou pagos a contratistas.: 0

Valor estimado total: 34.310 €

I.V.E.: (21%) 7.205,10 €

4.3. Anualidades.

Plurianual: No

No seu caso, identificación anualidades:

- Anualidade 2024: 41.510,10 €

4.4. Financiamento.

Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Administración Local. Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos Concellos de menor de 15.000 habitantes.	41.510,10 €
Fondos propios	0,00 €

5. PRAZO DE EXECUCIÓN.

A subministración deberán entregarse no prazo máximo de 4 semanas, a contar dende a formalización do contrato administrativo.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





CONCELLO DE ORTIGUEIRA

6. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA LICITACIÓN.

6.1. Especificacións respecto da presentación de ofertas.

Prazo proposto: 10 días hábiles

6.2. Garantías.

Garantía provisional: NON

Garantía definitiva: NON (exenta, de acordo co artigo 159.6 f da LCSP).

6.3. Unidade técnica de contratación

Conforme ao disposto no artigo 159.6.b) da LCSP, a valoración das ofertas realizarase coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación integrada polos seguintes membros:

- A funcionaria administrativa, María Luísa Sierra Vale
- O secretario municipal
- A interventora municipal

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

7.1. Criterios económicos

Menor prezo: ata 35 puntos.

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela1 (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>). Fórmula 2020.

Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando o redondeo que por exceso ou defecto correspondan

7.2. Criterios cualitativos.

A) Ampliación do período de garantía: ata 25 puntos.

Valorarase o incremento en tramos de 12 meses da ampliación do período mínimo esixido do período de garantía, conforme coa seguinte escala:

1. De 25 meses ata 36 meses de garantía: 5 puntos.
2. De 37 meses ata 48 meses de garantía: 15 puntos.
3. 49 meses ou máis de garantía: 25 puntos.

B) Redución do prazo de entrega do subministro: ata 30 puntos.

Valorarase a redución do prazo de entrega do subministro, por reducións de 1 semana no prazo de entrega sobre o máximo de 4 semanas establecidas, coa seguinte escala:

- a) Prazo de entrega en 4 semanas: 0 puntos.
- b) Prazo de entrega en 3 semanas: 15 puntos.
- c) **Prazo de entrega en 2 semanas: 30 puntos.**

A puntuación máxima será de 90 puntos.

XUSTIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Atendendo a relación calidade-prezo, conforme o artigo 145 da LCSP

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





CONCELLO DE ORTIGUEIRA

8. PARÁMETROS PARA DETERMINAR OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Consideraranse, en principio, como anormal ou desproporcionada a baixada de toda proposición económica cuxo criterio de prezo se encuentre nalgún dos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No suposto de detectar algunha baixada desproporcionada estarase ao disposto no artigo 149 LCSP.

Considérase que os criterios distintos ao prezo non teñen relevancia económica suficiente para influír na determinación de ofertas presuntamente temerarias, atendendo ao obxecto do contrato.

9. CRITERIOS DE SOLVENCIA/CLASIFICACIÓN.

No procede en este procedemento.

10. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA EXECUCIÓN.

10.1. Responsable do contrato: Alberto Balboa Rodríguez.

10.2. Adscrición mínima de medios: NON

10.3 Prazo de garantía: 24 meses.

10.4. Condicións especiais de execución:

Tipo: Social

Especificación:

Promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral.

Eliminar desigualdades entre homes e a mulleres.

Combater o paro.

Favorecer a formación no lugar de traballo.

Cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo.

Os gastos derivados da realización da condición especial da execución establecido na presente cláusula serán a cargo exclusivo do contratista.

Xustificación: Considerase adecuada protección e recuperación do emprego, a eliminación da desigualdade e a formación en novas tecnoloxías.

10.5. Lugar de entrega: Nave municipal situada no Polígono de Cuiña.

Todos los gastos ocasionados pola entrega e recepción do subministro adquirido polo Concello de Ortigueira serán de conta exclusiva do ou dos contratista/s adxudicatario/s, con especial

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





CONCELLO DE ORTIGUEIRA

consideración aos gastos de transporte, carga, descarga e breve formación in-situ do funcionamento dos equipamentos aos traballadores municipais.

En Ortigueira a, *data sinalada ao marxe*

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

